



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 449
26 de marzo de 2019

Fascículo 2



CSV: lk5uYLjT
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación sen modificacións

■ 45063 (10/PNC-003630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no relativo á exención da pesca artesanal dos sistemas de totais admisibles de capturas e cotas

[154310](#)

■ 46885 (10/PNC-003769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa, e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 10 do actual Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca co fin de outorgar seguridade xurídica á concesión de achegas ao sector marítimo-pesqueiro

[154311](#)

■ 46889 (10/PNC-003771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa, e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas medidas establecidas pola Unión Europea para evitar o sometemento das pesqueiras aos efectos das denominadas «especies de estrangulamento», así como respecto da posibilidade de aplicación das medidas adicionais propostas

[154311](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

■ 46247 (10/PNC-003711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posibilidade de extraer o ourizo de mar na Mariña lucense mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie

[154312](#)



Rexeitamento da iniciativa

■ 27331 (10/PNC-002114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter a autorización da extracción da mexilla e doutras especies nas zonas de especial sensibilidade para o percebe [154313](#)

■ 39728 (10/PNC-003197)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas das traballadoras do mar expostas na I Conferencia Internacional de Mulleres de Pesca, así como as reclamacións da Asociación de Mulleres do Mar de Arousa referidas ás eleccións das distintas federacións e o acceso das mulleres aos postos de dirección dos pósitos galegos [154313](#)

■ 47471 (10/PNC-003845)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, e deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar [154313](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2018 [154314](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se modifica a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia [154315](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 22 de marzo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 45063 (10/PNC-003630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no relativo á exención da pesca artesanal dos sistemas de totais admisibles de capturas e cotas

BOPG nº 427, do 6.2.2019

Sométese á votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, cero votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Promover e consensuar as medidas necesarias para materializar a exclusión das capturas accesorias ou accidentais da frota costeira artesanal dos sistemas de TAC e cotas, dada a súa multiespecificidade e, polo tanto, o seu escaso impacto no estado dos recursos mariños.

Dentro da pesca costeira artesanal, cómpre establecer criterios de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesa dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente. A accidental debe estar á marxe dos criterios de TAC e cotas ou de obriga de desembarque, dado que representa as capturas de especies accesorias durante a pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión das posibilidades de pesca a través de criterios de repartición que garanten igualdade de condicións entre as unidades de frota participantes.

2. Requirir un tratamento distinto e diferenciado da xestión das posibilidades de pesca da frota artesanal con respecto ás froas industrial e/ou semiindustrial.

As embarcacións de pesca costeira artesanal son de pequeno porte, utilizan artes e aparellos de pesca altamente selectivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostible, cun baixo volume de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.



A pesca costeira artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores e cunha importante dependencia socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.

Xa que logo, queda suficientemente demostrado que a incidencia da pesca costeira artesanal é socialmente moito máis relevante que a industrial ou semiindustrial, e, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda, propoñendo a súa regulación a través de criterios específicos e consecuentes, e en ningún caso mesturados con outras pesqueiras de intereses moi distintos.

3. Continuar reclamando que a pesca costeira artesanal quede exenta da obriga de desembarque.

É indispensable seguir insistindo ante a Unión Europea en que a normativa que regula a obriga de desembarque de capturas para a frota costeira artesanal quede sen efecto.

É indubidable que a decisión de “política de descartes cero” se tomou de xeito precipitado no seo da Unión Europea, sen facerse os estudos correspondentes e sen ter en conta as pesqueiras multiespecíficas en que desenvolve a súa actividade a frota pesqueira artesanal galega.

O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido á forma de traballo sostible da pesca costeira artesanal.»

- 46885 (10/PNC-003769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa, e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 10 do actual Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca co fin de outorgar seguridade xurídica á concesión de achegas ao sector marítimo-pesqueiro

BOPG nº 441, do 6.3.2019

Sométese á votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, cero votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pedir do Goberno do Estado a formulación dunha interpretación do artigo 10 do actual Regulamento do FEMP por parte de Bruxelas e a consecuente adopción de medidas de claridade e adecuación da prohibición prevista no sinalado artigo, de forma que se outorgue seguridade xurídica á concesión de achegas ao sector marítimo-pesqueiro.»

- 46889 (10/PNC-003771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa, e sete deputados/as máis



Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas medidas establecidas pola Unión Europea para evitar o sometemento das pesqueiras aos efectos das denominadas «especies de estrangulamento», así como respecto da posibilidade de aplicación das medidas adicionais propostas

BOPG nº 441, do 6.3.2019

Sométese á votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, cero votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pedir do Goberno do Estado que demande da Unión Europea a necesidade de verificar a eficacia das medidas dispostas para evitar o sometemento das pesqueiras para os efectos perniciosos das chamadas “especies de estrangulamento” (*choke-species*), ademais de verificar a posibilidade de aplicación das medidas adicionais propostas, con especial incidencia de:

Aplicación do rango superior do nivel RMS para a pescada no Cantábrico e Noroeste (HKE/8C3411) cando entre en vigor o Plan plurianual para as poboacións de peixes nas augas occidentais.

Determinación de alternativas que complementen as campañas sentinela no Cantábrico e Noroeste (UF 25 e 31), de forma que se poidan confirmar os datos que leven a reabrir a pesqueira desta especie.

Aumento das porcentaxes de flexibilidade nos intercambios de cota entre zonas, con especial atención ao aumento das cifras marcadas para a anchoa e o xurelo entre as zonas VIIIc e IXa.

Determinación de eliminación de TAC para *ochavo* ou reloxo (BOR/678-).

Determinación da eliminación do TAC de ollomol e cachucho (cast. *alfonsino*) para Gran Sol e Cantábrico e Noroeste (SBR/678-) (ALF/3X14-).»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 46247 (10/PNC-003711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posibilidade de extraer o ourizo de mar na Mariña lucense mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie

BOPG nº 434, do 20.2.2019

Sométese á votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar unha mostraxe aleatoria da existencia do ourizo de mar na Mariña lucense, realizado por biólogos da Consellería do Mar, e que en función dos resultados desa mostraxe valore a posibilidade de permitir ou non a extracción do ourizo mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie.»

Rexeitamento da iniciativa

- 27331 (10/PNC-002114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter a autorización da extracción da mexilla e doutras especies nas zonas de especial sensibilidade para o percebe

BOPG nº 276, do 14.3.2018

Sométese á votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e cero abstencións.

- 39728 (10/PNC-003197)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas das traballadoras do mar expostas na I Conferencia Internacional de Mulleres de Pesca, así como as reclamacións da Asociación de Mulleres do Mar de Arousa referidas ás eleccións das distintas federacións e o acceso das mulleres aos postos de dirección dos pósitos galegos

BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese á votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e cero abstencións.

- 47471 (10/PNC-003845)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, e deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar

BOPG nº 444, do 13.3.2019

Sométese á votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2018

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e deban proverse mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

O 28 de xaneiro de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia ratificou os acordos da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia acadados os días 27 de novembro e 14 de decembro de 2018, sobre a oferta de emprego público do ano 2018.

Conforme o anterior, e unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes, a Mesa da Cámara, ao abeiro do establecido no artigo 17 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2018, constituída polas seguintes prazas que se relacionan a continuación:

I. Persoal de novo ingreso

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo: D.

Corpo: auxiliar do Parlamento de Galicia.

Número de prazas: 1.

II. Promoción interna

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo: A.

Corpo: superior do Parlamento de Galicia.

Numero de prazas: 1.

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo B.

Corpo: Xestión do Parlamento de Galicia.

Numero de prazas: 1.



Tipo de persoal : funcionario.
 Grupo C.
 Corpo: Administrativo do Parlamento de Galicia.
 Número de prazas: 1.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2019
 Miguel Ángel Santalices Vieira
 Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se modifica a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia

O 28 de xaneiro de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia ratificou os acordos da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia acadados os días 27 de novembro e 14 de decembro de 2018, sobre modificación de postos de traballo.

Vista a proposta da Oficialía Maior do 11 de marzo de 2019.

A Mesa do Parlamento, de conformidade co establecido no artigo 19 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, aprobada por acordo da Mesa da Cámara do 20 de outubro de 2008 (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2008), nos termos seguintes:

1. Créase no Servizo de Persoal e Réxime Interior un posto coas características seguintes:

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR												
Código	Denominación	Provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Observacións
AP 108	Técnico/a superior de Persoal e Réxime interior	C	25	18.957,68	A	Superior	—	PG	F	V	Licenciatura ou Grao en calquera rama	(1)

Funcións:

- O apoio técnico e técnico-xurídico á xefatura do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- A elaboración de informes referidos ás materias competencia do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- O apoio técnico na planificación e xestión en materia de recursos humanos.



- A supervisión técnico-xurídica na elaboración dos expedientes orixinados pola actividade da Administración parlamentaria.
- A asistencia técnica en materia de contratación.
- O apoio técnico en materia de protección de datos.
- O apoio técnico na actualización do Portal de transparencia da Cámara en relación coas competencias do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- A recompilación de información e a elaboración de informes en relación coas competencias do Servizo de Persoal e Réxime Interior relativas a convenios de colaboración, subvencións, bolsas e premios.
- O apoio técnico na actualización e nos contidos correspondentes á área de recursos humanos que se integran na aplicación de xestión parlamentaria e na páxina web do Parlamento.
- Aquelas funcións que, sendo análogas ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lle asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables.

2. Créase no Servizo de Tecnoloxías da Información un posto de traballo coas características seguintes:

SERVIZO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN												
Código	Denominación	Provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Observacións
AP 109	Adxunto á xefatura do servizo	C	26	21.569,66	A	Superior	Tecnoloxías da información	PG	F	V	Pertencer á escala de tecnoloxías da información	(1)

Funcións:

- A xestión e a supervisión das actividades propias da área de sistemas de análise e desenvolvemento do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- A coordinación das actividades e a xestión dos sistemas de información do Parlamento de Galicia.
- O deseño e a implantación de melloras para o desenvolvemento eficaz e eficiente do servizo conforme as directrices da xefatura do servizo.
- A coordinación das actividades e a xestión da área de análise e desenvolvemento do Parlamento de Galicia.
- Aquelas tarefas de análise e desenvolvemento que se precisen no Parlamento de Galicia e aquelas funcións que, ao seren análogas ás anteriores ou teren carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lle asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables, mellorando a xestión das áreas de sistemas e de análise e desenvolvemento, funcións de xestión coa especificidade propia de tecnoloxías da información.



3. Créase en Intervención e Asuntos Económicos un posto de traballo coas características seguintes:

INTERVENCIÓN E ASUNTOS ECONÓMICOS												
Código	Denominación	Provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Observacións
AP 110	Técnico de xestión económica	C	22	18.664,52	B	Técnico de xestión	—	PG	F	V	—	(1)


Funcións:

- A habilitación e a asunción da responsabilidade, da xestión e do seguimento dos expedientes de persoal tanto na súa variante retributiva coma social e impositiva, así como respecto dos membros da Cámara. Xestión e cobertura telemática coa Seguridade Social ou sistemas de previsión social que correspondan.
- A habilitación relativa aos expedientes de gastos derivados de axudas sociais, axudas de custo e demais indemnizacións por razón de comisións de servizos, comparecencias e calquera outro que se lle encomende.
- A habilitación para a xestión dos impostos coas diferentes facendas.
- Alimentación das publicacións relativas a todos os expedientes mencionados e a alimentación das bases de datos que se lle encomenden.
- Aquelas funcións análogas ás anteriores ou que teñan carácter instrumental para garantir o correcto desenvolvemento das competencias da unidade administrativa, que lle asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables.

Segundo. Este acordo de modificación producirá efectos desde o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

